



	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL		IES ALEXANDRE BÓVEDA Rúa Cuntis, s/n (36209) Vigo tf. 986 292812 fax. 986 292816 ies.alexandre.boveda@edu.xunta.es
	UNIÓN EUROPEA		

Estimadas familias:

Ante a situación na que nos atopamos, queremos informarnos de que no IES Alexandre Bóveda, pretendemos manter o mesmo horario que tiñamos o curso pasado, salvo que novas instrucións nos obriguem a cambialo.

Para poder acoller a todo o alumnado e poder manter a distancia de seguridade de 1,5 m, cumprindo as instrucións dadas pola Consellería o 31 de Agosto, habilitáronse novas aulas. Isto supón un aumento do número de grupos, e polo tanto o centro necesita máis profesorado.

A día de hoxe, 9 de Setembro, descoñecemos o número de profesores/as dos que vamos a dispor, xa que a petición de novos docentes que se tramitou para dar resposta a nova situación, de aulas con menos alumnos e mais separados, segue sen resposta.

As datas para a presentación do curso establecidas **pola Consellería** son as seguintes:

DÍA	CURSOS
16 DE SETEMBRO	1º E 2º ESO E 1º BACHARELATO
17 DE SETEMBRO	3º ESO E 2º BACHARELATO
18 DE SETEMBRO	4º ESO

A partir do luns 14, publicaremos na páxina web o horario en que debe facelo cada curso.

O centro ten elaborado un Protocolo de Adaptación, do que adiantamos un breve resumo, que publicaremos integro na páxina web nos vindeiros días.

O Equipo Directivo

Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico...

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/31754>